

O AVÓ ESTÁ TOLO

Cando Miriam espertou non se oía nada. ¡Qué raro! Pensou . Onde estarán todos? . Visteuse e baixou as escaleiras a toda presa, pero aquela mañá o almorzo non estaba na mesa.

¡Mamá! Chamou extrañada, aínda non se levantou o avó?

Senta nena que teño que contarche algo.

Miriam sentou de mala gana, sabía que algo estaba a pasar. Non me asustes mamá, ¿Qué pasa?

Pois pasa que o avó toleou e tivemos que levalo o hospital.

Iso non é certo , o avó non está tolo, dixo a pequena moi apenada.

Tiñas que velo onte como se puxo co teu pai e comigo,non dicía nin unha palabra con xeito.

A verdade é que facía uns días que o avó se comportaba dun xeito estrano pero, comigo non deixou de ser atento e cariñoso. Estaba claro que lle pasaba algo e eu tiña que descubrir qué era. Estaba Miriam cavilando todo esto cando amosou a sua nai pola porta.

¿Cando podo ir a velo mamá? Preguntou impaciente.

Non sei, xa falaremos diso.

Á mañá seguinte, cando Miriam ía pa escola pensou ilusionada que,quizais o vires podería ir a visita-lo avó pero,non foi así. Tivo que esperar aínda moito tempo. E cando por fin conseguiu que a levaran a velo a sorpresa foi maiúscula.

Pero mamá ti dixéchesme que o avó estaba no hospital ,reprochou enfadada.

Isto é coma un hospital –dixo a nai- aquí ten tódalas atencións que precisa, poderá facer novas amizades e estará moi ben coidado.

A min non me gusta este sitio mamá. ¡Cala nena! Berrou a sua nai cando entraban pola porta da residencia.

Cando Miriam viu por fin o seu avó, non puido agochar as vágoas que lle baixaban polas rosadas meixelas. Qué fas aquí avoiño? Pregutoulle.

O silencio foi a única resposta que atopou, e a pesares da tristeza que sentía, tuvo una idea e díxolle na orella:

Non te preocupes avó, voute sacar daqui. E sorrindo, chiscoulle un ollo.

¡Bos días Miriam! Saudou a sua nai ó outro día.

Nada por resposta.

Que che pasa nena, porqué non falas?

Silencio outra vez. E así ata que a nai se cansou e marchou do cuarto.

O meu plan xa está en marcha, pensou.

Pasaron varios días e, como Miriam seguía sen falar, a súa nai decidiu tomar cartas no asunto. Xa sei que che pasa filla, fálame por favor, díxolle con tenrura.

Miriam rompeu a chorar e díxolle: O avó non está tolo mamá. Enganounos para que deixarades de pelexar tódolos días pola súa culpa; di que non quere ser un estorbo e pensou que esa era a mellor maneira de deixarvos en paz.

E ti como sabes todo iso? Contoumo él cando fomos a velo mentras ti falabas polo teléfono.

Cómo non me dei conta antes,- dixo a súa nai abatida- precisaba da nosa axuda e nos non soupemos velo.

¡Teño unha idea mamá! Berrou Miriam ilusionada; podemos facer un trato: Se o avó volve pa casa, prometo axudar a coidalo en todo o que poida e así, ti e mais papá teredes mais tempo para vós; por favor, por favor...

Está ben filla, hoxe mesmo iremos a buscalo.

Cando chegaron á residencia e, o avó veu o sorriso de Miriam, mudou a expresión da súa cara o pensares: gracias a ti volverei a recupera-la ilusión.

¡Vamos pa casa avoiño! Berrou Miriam mentras saltaba no seu colo.

Vamos netiña que temos moitas cousas que facer ti e mais eu, susurrou o avó.

Curso: 3º N°: 11

